

MEMORIA DE ACTIVIDADE



Clube de Montaña Xistra XL Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña – FGM

A Cañiza

24-25 de setembro de 2011



Clube de Montaña XistrA

XL Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña – FGM

A Cañiza

24 e 25 de setembro de 2011



Organiza:

CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Patrocina:

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO



Clube de Montaña XistrA

ÍNDICE

ÍNDICE

COMITÉ ORGANIZADOR

INTRODUCCIÓN

ORGANIZACIÓN, PUBLICIDADE E LOXÍSTICA

DESENVOLVEMENTO

OUTRAS INFORMACIÓNS

Participantes na actividade

Circulares e correspondencia

Fotografías

Asuntos económicos



Clube de Montaña XistrA

COMITÉ ORGANIZADOR

Dirección

Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
(Presidente C.M.Xistra)

Dirección Técnica da Actividade

Henrique Freixeiro

Asuntos Económicos

Ricardo Echevarría

Asistencias

Xosé Lois Freixeiro

Rosa López Ledo

María Teresa Cameselle

INTRODUCCIÓN

Este XL CAMPAMENTO E MARCHA DE MONTAÑA INFANTIL - XUVENIL, celebrado os días 24 e 25 de setembro de 2011, atópase na liña de fomento das actividades de deporte na natureza que o Clube de Montaña XistrA ven mantendo dende a súa creación.

A Directiva deste club cre que é moi importante desenvolver as



actividades dos montañeiros asociados e federados, achegando este deporte á sociedade e proxectando a educación no respecto á montaña e ó seu entorno,

para acadar o recoñecemento das institucións e organismos gobernamentais e non gobernamentais, que impidan proxectos absurdos de conservacionismo que arreden ós montañeiros das súas “instalacións deportivas”.

Proba de que o impacto sobre o entorno é asumible, se é realizado de xeito adecuado, é a realización deste campamento e

marcha de 28 montañeiros (infantís, xuvenís e maiores), sen abandono de lixo nin impacto sobre o contorno. É importante salientar que tódolos asistentes eran montañeiros federados neste deporte.



Por outra banda, a necesidade de actividades deste tipo é bastante patente dentro dun deporte minoritario coma o noso, e que as veces pode parecer individualista. Supoñemos que a xeneralización de medios de transporte propios leva a unha evolución neste sentido, pero cremos que a comunicación e a xuntanza dos montañeiros tamén son características propias do noso deporte e que non se deben esquecer.

Por todo o anterior, o nosos club apoiará na medida das súas posibilidades ás actividades intersocietarias que xurdan doutras entidades, clubs ou federacións montaíneas.

Seguindo a nosa máxima de igualdade en tódolos campos, as nosas actividades están abertas a tódalas persoas sen diferenza de sexo ou idade.

Dende o club temos que salientar que contabamos cunhas expectativas de asistencia do resto dos clubs moi superiores á presenza real. Non podemos esquecer que clubs de importante peso de socios infantís non asistiron e non deron resposta ás circulares enviadas.

Afortunadamente o deporte feminino si estivo ben representado en tódalas idades.



ORGANIZACIÓN, PUBLICIDADE E LOXÍSTICA.

A organización deste campamento correu por conta da Xunta Directiva e dos socios do Clube de Montaña XistrA. O club dedicouse a traballar na idea, elixindo a zona da Cañiza como un lugar moi interesante e que se acomodaba ás circunstancias da actividade, con fermosas e impresionantes paisaxes, e boa disposición da entidade local para ceder as súas instalacións para facer o campamento.



Logo de esbozar un percorrido, buscar documentación e mapas, un equipo do club desprazouse ata o lugar escollido.

Ó mesmo tempo o club mandou información, complementada pola Federación, ós clubs e asociacións galegas.



Clube de Montaña XistrA

En xeral, a actividade foi cualificada positivamente polos participantes e pola organización, coincidindo cun día climatoloxicamente moi bo.





DESENVOLVEMENTO

O sábado e domingo 24 e 25 de setembro de 2011 foron as datas elixidas para a realización do campamento e marcha por montaña infantil e xuvenil na Cañiza, no Cámping Municipal da Cañiza “Carballo do Marco”. O club organizador recibiu ós participantes, que acudiron en coches particulares, na propia instalación municipal da Cañiza.

Descrición Xeral:

Actividade federativa galega orientada a deportistas de menos de 18 anos acompañados de pais ou titores. É un campamento e marcha orientado ás capacidades físicas dos rapaces. A actividade non era esixente, e estaba prevista a asistencia durante a marcha. Debido á escasa participación non foi necesaria a asistencia ata o tramo final da marcha.

Marcha:

A marcha foi realizada o domingo pola mañá e foi de tipo lineal dende o alto de Fontefría ata o cámping da Cañiza.



Clube de Montaña XistrA

Regulamento previo á actividade:

- 1-. Esta actividade terá lugar os días 24 e 25 de setembro de 2011, na Cañiza (Pontevedra).
- 2-. Poderán participar unicamente montañeiros federados.
- 3-. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade incluído o material de acampada e provisións de alimentos e bebida.
- 4-. As inscricións efectuaranse na F.G.M., ou chamando ó Clube de Montaña XistrA.
- 5-. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
- 6-. Os participantes comprométense a seren respectuosos ó máximo co contorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
- 7-. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.
- 8-. SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.

Este ano a marcha foi única, non diferenciando ós menores de 10 anos como fixéramos o ano precedente. Porén no final da marcha os máis pequenos foron retirados mediante vehículos para evitarlles os tramos asfaltados finais.

A marcha durou unhas 4 horas.

Houbo descansos en varios puntos, algún coincidido con parques infantís.





Club de Montaña XistrA

OUTRAS INFORMACIÓNS

RELACIÓN DE PARTICIPANTES

CIRCULARES E CORRESPONDENCIA


FOTOGRAFÍAS

ASUNTOS ECONÓMICOS

ASISTENTES

INFANTIS E XUVENIS	13	43%
ACOMPAÑANTES MAIORES	17	57%

TOTAL ASISTENTES	30	100%
-------------------------	-----------	-------------






Clube de Montaña XistrA

ASISTENTES POR CLUBES

CLUBE	PARTICIPANTES	
CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	2	7%
CLUB PENA TREVINCA M.G.	9	30%
CLUBE DE MONTAÑA XISTRA	19	63%
		0%
TOTAIS	30	100%






Clube de Montaña XistrA

DEPORTISTAS POR PROVINCIAS - Asignadas en función do club.


PARTICIPANTES				ACOMPAÑ.	TOTAIS
CORUÑA	0	0%		0	0
LUGO	0	0%		0	0
OURENSE	0	0%		0	0
PONTEVEDRA	13	100%		17	30
TOTAIS	13	100%		17	30



ASISTENTES POR SEXO


HOMES	13	43%
MULLERES	17	57%

TOTAIS	30	100%
---------------	-----------	-------------



DEPORTISTAS POR IDADE

MENOS DE 18	13	43%
DE 18 A 24 AÑOS	0	0%
DE 25 A 34 AÑOS	0	0%
DE 35 A 44 AÑOS	6	20%
DE 45 A 54 AÑOS	8	27%
DE 55 A 64 AÑOS	1	3%
MÁS DE 65 AÑOS	2	7%
SEN DATOS	0	0%
TOTAL	30	100%





Clube de Montaña XistrA

CIRCULARES E CORRESPONDENCIA

Vigo, 29 de agosto de 2011

PRESIDENTES DOS CLUBS GALEGOS

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidarvos ó **XL Campamento e Marcha Infantil – Xuvenil de Montaña da FGM**, que este ano temos a honra de organizar no Concello da Cañiza.

O campamento será no Cámping Municipal “Carballo do Marco”.

A marcha será na zona do Fontefría, con ascensión ata o alto de Montouto.

Debedes enviar a relación de participantes e as follas de inscrición obrigatorias cos números de licenzas dos participantes.

O prazo para anotarse remata o xoves 22/09/2011 ás 21 horas.

Xunto remitimos o regulamento desta actividade.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vosos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade.

Descrición Xeral:

Actividade federativa galega orientada a deportistas de menos de 18 anos acompañados de pais ou titores. É un campamento e marcha orientado ás capacidades físicas dos rapaces. A actividade non é esixente, está prevista a asistencia durante o campamento e a marcha. Os participantes deberán contar con todo o necesario para o campamento.

Marcha:

A marcha será realizada o domingo pola mañá e será de tipo lineal dende o alto de Fontefría ata o Cámping.



CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

Regulamento:

- 1-. Esta actividade terá lugar os días 24 e 25 de setembro de 2011, no concello da Cañiza (Pontevedra).
- 2-. Poderán participar unicamente montañeiros federados.
- 3-. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade incluído o material de acampada e provisións de alimentos e bebida.
- 4-. As inscricións efectuaranse na F.G.M., ou chamando ó Clube de Montaña Xistra, antes do día 22 de setembro (xoves). Fax da FGM 986 20 74 07.
- 5-. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
- 6-. Os participantes comprométense a seren respectuosos ó máximo co contorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
- 7-. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.

8-. SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.

Clube de Montaña Xistra


Patrocina:



Entidade federada



Páxina 2 de 2





Clube de Montaña XistrA

FOTOGRAFÍAS





Clube de Montaña Xistra



Clube de Montaña Xistra





Clube de Montaña Xistra





Clube de Montaña XistrA





Clube de Montaña XistrA





Clube de Montaña Xistra





Club de Montaña Xistra

